



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE CANGAS, E AS PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCESO

De conformidade co establecido na base 2 do anexo A da Resolución do 26 de maio de 2025 pola que se convocou o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo pé na modalidade de marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Cangas este departamento territorial,

RESOLVE:

1. Facer pública a listaxe provisional das persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Cangas.

Tan só se presentou unha (1) persoa ao proceso selectivo, número inferior ao de prazas ofertadas, polo que non se fai necesario establecer unha orde de prelación e polo tanto non procede á baremación para puntuar a solicitude.

2. Non existen persoas excluídas do proceso selectivo.

3. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal/>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcal de Pontevedra e de Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da Confraría de Cangas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento





ANEXO I

RELACIÓN DE **PERSOAS ADMITIDAS** NO PROCESO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN A PÉ NA CONFRARÍA DE CANGAS

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.
1	VEIGA ENTENZA, MARÍA NIEVES	* * * 5879 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

